

# O programa **A-CTIVATE 2** posto en marcha por Friol, Begonte, Outeiro de Rei e Rábade aposta polo emprego na contorna

**EFICACIA.** UN TOTAL DE 85 PERSOAS DESEMPREGADAS DOS CATRO MUNICIPIOS LOGRARON MELLORAR A SÚA EMPREGABILIDADE E 46 ATOPARON UNHA OPORTUNIDADE LABORAL A MENOS DUN MES PARA O SEU REMATE


**O**S PEQUENOS concellos galegos sofren as consecuencias das altas taxas de desemprego e da perda de poboación polo abandono dos empregos na procura dunha saída laboral e unha mellor calidade de vida.

De aí que, por segundo ano consecutivo, e á vista do bo resultado obtido na anterior edición, os concellos de Friol, Begonte, Outeiro de Rei e Rábade aposten por unir esforzos mediante un convenio de colaboración que lles permitiu contar desde o 1 de decembro de 2017 ata o 30 de novembro de 2018 co programa integrado de emprego A-ctivate 2 que a Consellería de Economía, Emprego e Industria pon en marcha no marco da Estratexia Europea para o Emprego do Programa Nacional de Reformas e dentro da Estratexia Española de Activación para o Emprego (2017-2020) incluída no Plan Anual de Política de Emprego (PAPE) 2017.

Os datos de desemprego do mes de setembro de 2018 reflexan unha taxa de desemprego media dun 10,24%, sendo os concellos de Rábade cun 12,81% e de Begonte 11,62% os máis afectados mentras que Friol conta cun 8,42% e Outeiro de Rei cun 8,10% da poboación en situación de desemprego.

Nos catro concellos advírtese descenso da taxa de desemprego desde os anos máis críticos da crise nos que tres concellos case chegaron a duplicar a mesma (Begonte alcanzou no 2012 a súa maior taxa de desemprego cun 18,20%, Friol un 15,55% no 2013 e Rábade un 22,39% no 2014) mentras que o concello de Outeiro de Rei a duplicou en 2013 cun 17,37% da súa poboación desempregada.

Na última década unicamente Outeiro de Rei logrou un incremento de poboación dun 3,5% mentras que Begonte perdeu un 15,60% da mesma, Friol un 15,30% e Rábade un 13,10%. Por iso, a pesar da mellora na taxa de desemprego ata alcanzar a media actual, esa perda de poboación require a implicación institucional no incremento das



Firma do convenio entre os alcaldes dos catro concellos. AFP

oportunidades laborais na zona, evitando o traslado de residencia a outras localidades con máis oportunidades laborais; de ahí, a importancia da posta en marcha de iniciativas de emprego como esta.

Mediante o PIE. A-ctivate 2, 85 persoas desempregadas, levaron a cabo accións de diferente natureza —sesións individuais de orientación, formación en competencias técnicas e transversais, capacitación profesional, prácticas formativas en centros de traballo... que potenciaron a súa empregabilidade e facilitaron o acceso a un mercado laboral cada vez máis esixente e competitivo.

Deste xeito incrementáronse as súas posibilidades de éxito a través da intermediación laboral e a xestión de ofertas directas e tamén do incremento da implicación das persoas participantes no proceso de procura de emprego grazas ao empoderamento da persoa para que actúe con autonomía.

O perfil das persoas beneficiarias é o de situacións de desemprego en distintos colectivos (persoas en situación de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, mozos/as con baixa cualificación, maiores de 45 anos...). Todas elas con serias dificultades para a súa

reincorporación ao mercado laboral, sendo excluídas por idade, non adaptación formativa, etnia, escasa ou nula experiencia laboral, tempo fóra do mercado.

**RESULTADOS.** Leváronse a cabo 425 sesións individuais de orientación, 18 accións formativas en cada concello cun total de 13.951 horas e unha media de 164,13 por participante, prácticas formativas en centros de traballo, 114 visitas a empresas, 105 xestións directas de ofertas e 46 persoas lograron acceder ao mercado de traballo.

A totalidade dos/as participantes tomaron parte das distintas accións formativas do programa (habilidades para a procura de emprego, novas tecnoloxías, prevención de riscos laborais, operador/a de carretilla elevadora, benestar animal, manipulador/aplicador de produtos fitosanitarios, plataforma elevadora móbil de persoal (PEMP), operacións básicas de restaurante e bar, actividades auxiliares de almacén, técnicas administrativas de oficina, etc.).

A falta duns días para o seu remate os resultados obtidos son positivos ao lograr reactivar a persoas desmotivadas pola situación de desemprego e escasa autoconfianza

## Protagonistas

**María Luisa Álvarez Castro**  
CAMAREIRA

► «Ademais de atopar traballo o programa axudoume a volver a confiar en min».



**Alberto Rodríguez Gómez**  
LIMPEZAS SALGADO

► «Valoro positivamente a colaboración co programa polo contacto con persoas motivadas e ben asesoradas na procura de emprego».



**José Ángel cela Cobas**  
LIMPADOR

► «Grazas ao programa formeime e atopei un traballo sen experiencia laboral previa».



**Javier Carballido Sanfiz**  
ÁRIDOS CARBALLIDO

► «O programa foi unha ferramenta moi áxil que nos proporcionou a axuda necesaria para cubrir a vacante axustándose ás nosas necesidades».



**Micaela Roldán Córcoba**  
ADMINISTRATIVA

► «O programa facilitou que atopase traballo e a estabilidade laboral que buscaba».



**Flor Suárez Suárez**  
LIMPADORA

► «Atopei un posto de traballo despois de oito anos grazas a participar no programa».



**José Luis Gayoso Cabarcos**  
CAFÉ BAR A ROTONDA

► «Apoiar o emprego na zona e a axilidade na cobertura dos postos vacantes fai que siga disposto a colaborar co programa».



**Jorge Lodeiro Cela**  
PREFABRICADOS LODEIRO

► «O paso polo programa achegoume formación en áreas que me resultaron útiles para iniciar o meu proxecto empresarial».



na seu potencial de retornar ao mercado de traballo, acadando un índice de inserción dun 54,12%.

Todo isto non sería posible sen a implicación das persoas participantes e a colaboración desinteresada de empresas da contorna, tanto na fase formativa a través da firma

de convenios para a realización de prácticas formativas nos seus centros de traballo como no traslado de ofertas de emprego para a xestión directa desde o programa.

O emprego é o mellor modo de permanecer sempre alonxado/a da zona de exclusión social.